

b) Desde que teña lugar a efectiva conexión á rede municipal de sumidoiros. O dereito ó cobro por esta modalidade de taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de conexión e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. — Os servizos de depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas na que exista sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectual-a acometida á rede.

ARTIGO 7º. DECLARACION, LIQUIDACION E INGRESO

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte declararán a alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do predio e o último día do mes seguinte. Estas declaracións producirán efecto desde a primeira liquidación que se efectúe logo de finalizado o prazo de presentación destas. A inclusión inicial no censo faráse de oficio despois de concedida a licenza de conexión á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaránse e recadaránse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga, correspondendo a súa xestión ó concesionario, a quen tamén corresponderá a recadación das tarefas.

ARTIGO 8º. INFRACCIONS E SANCIONS

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza estará vixente o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2014, estando en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

TAXA POR DEPURACION DE AGUAS RESIDUAIS

Uso doméstico.....	1,51 euros/mes
Uso comercial e industrial.....	3,07 euros/mes
Excesos domésticos.....	0,19 euros/m3/mes
Excesos comerc. e industrial.....	0,50 euros/m3/mes

ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR SANEAMENTO

ARTIGO 1. — FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por saneamento”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito impoñible desta Taxa a prestación dos servizos de saneamento. A taxa non afecta ós inmóbles derrubados, declarados ruinosos ou que teñan a condición de terreo.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

Están obrigados ó pago da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria ocupantes ou usuarios dos inmobles sitos no Concello e afectados polo servizo, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitantes ou arrendatarios, mesmo en precario. En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo, substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmóbles que poderá repercutir no seu caso sobre os respectivos beneficiarios do servizo as cotas pagadas.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas sinaladas como tales na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 6º. DEVENGO

1.—Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.—Os servizos de depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas na que exista sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuarla acometida á rede.

ARTIGO 7º. DECLARACION, LIQUIDACION E INGRESO

1. Os suxeitos pasivos ou substitutos do contribuínte declararán a alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do predio e o último día do mes seguinte. Estas declaracións producirán efecto desde a primeira liquidación que se efectúe logo de finalizado o prazo de presentación destas. A inclusión inicial no censo faráse de oficio despois de concedida a licenza de conexión a rede

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaránse e recadaránse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga, correspondendo a súa xestión ó concesionario do servizo.

ARTIGO 8º. INFRACCIONS E SANCIONS

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza estará vixente o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2014, estando en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SANEAMENTO
TAXA POR SANEAMENTO**

USO DOMÉSTICO:

Mínimo ata 15 m ³ / mes.....	0,10
Exceso de 15 m ³ / mes	0,27

USO NON DOMÉSTICO:

Mínimo ata 15 m ³ / mes.....	0,35
De 15 a 33 m ³ / mes	0,57
De 35 a 100 m ³ / mes	0,79
Exceso de 100 m / mes	1,08

DEREITOS DE ACOMETIDA

Vivendas ou locais.....	122,73
Colexios ou centros de ensinanza.....	315,47
Fábricas, industriais, talleres, etc	135,38
Almacéns e locais exposición mercancia	43,31

**ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS
E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS**

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licencias urbanísticas e outros servizos urbanísticos a que se refire o artigo 20 h)” que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si as construcións, instalacións e obras, así como as demais operacións sometidas a licenza ou trámite equivalente ou sustitutorio pola Lei ou Normas subsidiarias de Planeamento e os supostos en que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa que haxan de realizarse no termo municipal axústanse ás normas urbanísticas, ás de actividades industriais e ás de policía contidas na lexislación e regulamentación vixentes e vos demais servizos urbanísticos indicados non ANEXO

ARTIGO 3. – SUXEITO PASIVO

1. – Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten o resulten beneficiados o afectados os servizos ou prestacións a que se refire a presente ordenanza.

2. – En todo caso terán a consideración de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas de obras.

ARTIGO 4. – RESPONSABLES

Terán a consideración de responsables solidarios e subsidiarios as persoas físicas ou xurídicas sinalados como tales pola Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. – BASE IMPOÑIBLE

1. Constitúe a base imponible da Taxa:

- a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.